


Sesión de Educación Física


SA	A festa do xogo	Nº de sesión:	2	Nível:	5º
Obxectivo/s da sesión					
<ul style="list-style-type: none"> · Gozar da práctica de actividade física. · Practicar as habilidades de lanzamento e recepción de xeito lúdico. · Respetar o xogo limpo en contextos de competición. 					
Material necesario:		Pelotas, conos e petos.			
Instalacións:		Pavillón polideportivo.			


Presentación


<p>Saúdo ao alumnado.</p> <p>Información ás alumnas e alumnos da planificación da sesión: o traballo de habilidades de lanzamento e recepción mediante xogos.</p> <p>Lémbbraselle ao alumnado as normas da clase e as actuacións no caso de incidencias como lesións, discusións ou rotura de material.</p>		
Material:	-	

Activación


Nome actividade:	Recuperar o botín	Tempo aprox.	7 min	
Explicación:				
<p>Xogo de persecución:</p> <p>Uns ladróns roubaron un botín (as pelotas) e uns policíaas deben recuperalo pillando ao posuidor do mesmo. Para impedi-lo, os ladróns poden pasarse o botín entre eles para evitar ser pillados.</p> <p>Se un ladrón é pillado, cambia o rol co policía.</p>				
Agrupamentos:	Todo o alumnado no mesmo xogo			
Material:	Pelotas.			
Variantes/Adaptacións:				
<p>Reducir ou aumentar as pelotas e os policíaas.</p> <p>Cambiar as pelotas por outro móbil como, por exemplo <i>frisbees</i>.</p>				

Nome actividade:	O abanico	Tempo aprox.	10 min
Explicación:			
<p>Dous equipos colócanse en semicírculo con un xogador no medio. O xogador do medio debe pasar e recibir a pelota a cada un dos seus compañeiros. Ao chegar ao último, cambian o rol. Colocándose no primeiro lugar o xogador que estaba no medio e no medio o xogador que recibiu a pelota de último.</p> <p>Gaña o equipo que antes consiga que todos os seus xogadores pasen polo medio.</p>			
Agrupamentos:	Todo o alumnado no mesmo xogo dividido en dous equipos.		
Material:	Dúas pelotas.		
Variantes/Adaptacións:			
<p>Variar a distancia dende a que se realizan os pases.</p> <p>Cambiar as pelotas por outro móbil como, por exemplo <i>frisbees</i>.</p>			

Nome actividade:	A persecución	Tempo aprox.	10 min	
Explicación:				
<p>Dous equipos colócanse de maneira alterna formando un círculo, iniciando cada un dos equipos con unha pelota situadas en puntos contrarios da circunferencia.</p> <p>Ao sinal, os dous equipos comezan a pasarse a pelota no mesmo sentido coa intención de alcanzar a pelota do equipo rival. Quen o consiga será o equipo gañador.</p>				
Agrupamentos:	Todo o alumnado no mesmo xogo dividido en dous equipos.			
Material:	Dúas pelotas.			
Variantes/Adaptacións:				
<p>Variar a distancia dende a que se realizan os pases.</p> <p>Engadir máis pelotas ou outro móbil distinto como, por exemplo <i>frisbees</i>.</p>				

Nome actividade:	Tira o cono	Tempo aprox.	15 min	
Explicación:				
<p>Dous equipos comparten espazo de xogo.</p> <p>O obxectivo é derrubar lanzando dende fora do círculo o cono situado dentro del. Pódese atacar a calquera cono, mais o posuidor da pelota non pode desprazarse. Se se derruba un cono, o equipo suma un punto.</p> <p>Non se pode tocar ao posuidor da pelota e se a pelota cae ao chan é posesión para o outro equipo.</p>				
Agrupamentos:	Todo o alumnado no mesmo xogo dividido en dous equipos.			
Material:	Pelota, petos, conos.			
Variantes/Adaptacións:				
<p>Engadir comodíns ofensivos para facilitar a aparición de pases.</p> <p>Cambiar a pelota por outro móbil como, por exemplo, un frisbee.</p>				

Reflexión

<p>Colócase o grupo en círculo con unha pelota. Inicia a primeira persoa expresando se lle gustou a sesión. A continuación berra o nome dun compañeiro/a e pásalle a pelota para que faga o mesmo.</p>		
Material:	Pelota.	

Despedida

<p>Recollida de material por grupos</p> <p>Aseo</p>



“Sesión de Educación Física para a SA A festa do xogo”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)